Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

ANUNCIO DE LICITACIÓN DAS LICENZAS DE USO DAS PARCELAS DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL PARA A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS FEIRAIS NO CONCELLO DE PADRÓN CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE PASCUA NO EXERCICIO 2016

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 3 de febreiro do 2016 convocouse procedemento de licitación para o outorgamento das licenzas de uso das parcelas do dominio público municipal municipal situadas no Campo do Souto e Paseso do Espolón para a instalación de atraccións feirais con motivo da celebración das festas de Pascua 2016, que se relacionan no Anexo I ao prego de condicións e que se grafían nos planos que se unen ao mesmo como anexos II a XII.

1. Entidade adxudicataria: Concello de Padrón.

2. Obxecto: autorización para a ocupación do dominio público municipal para a instalación de atraccións de tipo mecánico e eléctricas, tómbolas e xogos de azar, postos de venda de comidas e/ou bebidas, roupa complementos, bisutería, marroquinería, música, artesanía e similares, e exposición de maquinaria agrícola con motivo da celebración das festas de Pascua no exercicio 2016.

3. Criterios de adxudicación: oferta económica.

4. Tipo de licitación: o que figura no prego de condicións para cada unha das parcelas que se licitan.

5. Garantía: non se esixe.

6. Obtención documentación: Casa do Concello de Padrón, rúa Longa, número 27, 15900 Padrón, A Coruña, Teléfono 981 81 04 51, Fax 981 81 15 50, enderezo electrónico www.concellodepadron.es.

7. Presentación de ofertas:

a) **Prazo:** quince (15) días naturais, contados desde a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

b) **Documentación a presentar:** a sinalada na condición 12 do prego que regula esta licitación.

c) **Lugar:** Rexistro Xeral do Concello de Padrón, rúa Longa, número 27, 15900 Padrón, A Coruña.

d) **Horario:** de 9,00 a 14,00 horas de luns a venres e de 9,00 a 13,00 horas os sábados.

8. Apertura de proposicións (oferta económica): No lugar, día e hora que sinale no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Padrón con alomenos 24 horas de antelación.

Padrón, 3 de febreiro do 2016

O Alcalde

CONCELLO DE PADRÓN ALCALDÍA

Asdo. Antonio Fernández Angueira